

Cómpre revisar...	
Unha vez ao ano (ou con maior frecuencia se se considera conveniente)	
Maquinaria ▶	Correcto estado e funcionamento de toda a maquinaria e apeiros (motores, órganos de transmisión, eixes, correas, cadeas, carcasas de protección, dispositivos de parada ou encravamento, etc.).
Edificacións ▶	Estado das edificacións para uso agrícola (celeiros, silos, alpendres, cortes, etc.). Prestar especial coidado á limpeza e retirada de residuos cando sexa necesario.
Almacéns ▶	Lugar de almacenamento das substancias inflamables e perigosas (combustibles, disolventes, pesticidas, etc.). Prestar atención ás instrucións das etiquetas.
Instalación eléctrica ▶	Tanto da explotación agraria coma da propia vivenda, para prever os fallos que poidan orixinar cortocircuitos e posibles incendios.

A saúde persoal é un dos bens máis prezados que temos. Todo o mundo sabe por propia experiencia o sufrimento e a sensación de impotencia que carrega unha enfermidade.

Se o traballo que se desempeña ou os produtos que se manexan poden orixinar unha enfermidade, con maior motivo se debe vivir o estado da saúde.

É recomendable que o agricultor, como traballador autónomo, e tamén os seus familiares pasen unha **revisión médica anual**.

No caso de pertencer a unha empresa, os recoñecementos médicos serán efectuados xeralmente polo **servizo de prevención da empresa**.



e lembre...

Nunca prescinda destes medios de prevención nin os anule, da súa correcta implantación e funcionamento dependen vidas humanas



PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

lei de prevención de riscos laborais (31/95) no sector agrogandeiro

Para máis información
issga.subdirecciontecnica@xunta.es



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA



PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Lei de prevención de riscos laborais (31/95) no sector agrogandeiro

XUNTA DE GALICIA

Gestión personalizada da prevención de traballadores por conta propia

O agricultor-gandeiro, como traballador independente, debe actuar por si mesmo e para os seus familiares e colaboradores próximos como se fose a cabeza visible dunha empresa (de feito, éo) e debe de aplicar os seguintes elementos:

- **Avaliación de riscos** inherentes ao traballo e á súa actualización periódica.
- **Adopción de medidas** de control axeitadas á natureza dos riscos detectados.
- **Planificación** das ditas medidas para levalas a cabo harmonicamente xunto co traballo.
- **Control da aplicación** desas medidas e a súa efectividade.

Estes elementos débense aplicar da seguinte forma:

- **Establecer un coñecemento** dos riscos das tarefas agrícolas e unha avaliación baseada na súa propia experiencia.
- **Adoptar as medidas** de protección ao seu alcance, baseadas no bo uso da maquinaria e apeiros, medios de protección colectiva nas instalacións e o uso dos EPI, se é necesario.
- **Explicar** e facer adoptar as medidas anteriores ao seu contorno familiar.
- **Revisar as medidas** preventivas adoptadas cando se inicie unha nova fase das tarefas agropecuarias e especialmente cando se utilice por primeira vez unha nova máquina ou apeiro.

Os riscos


Coñecemento dos riscos

Calquera traballador coñece os riscos dun oficio (ou polo menos, iso se di), non obstante ás veces esquecémonos deles. Para iso, recoméndase:

- **Pensar en como se desenvolve un traballo.** Primeiro, que hai que facer, como se desenvolve a continuación, como hai que colocarse, en que momentos hai que controlar, parar, cambiar, etc.; é dicir, ter ben claro os pasos ou fases do traballo.
- **Pensar en que perigos ou riscos pode haber** en cada unha das fases anteriores e nas consecuencias que cada un dos riscos poden ter e, sobre todo, non só para un mesmo senón tamén para outras persoas (familiares, colaboradores...).
- **Facer unha listaxe** (mental ou escrita) que ordene os riscos de maior a menor segundo a gravidade das consecuencias.
- **Explicar aos familiares** e colaboradores cales son os riscos maiores e como se poden presentar.

Os 3 “P” da prevención

Pensar	▶ Non dar nada por sabido, non confiar nas moitas veces que se fixo, a memoria pode fallar.
Preparar	▶ Asegurarse da dispoñibilidade e orde dos materiais, do bo estado da maquinaria; non improvisar.
Proceder	▶ Traballar utilizando os medios de protección seguindo as instrucións de manexo, por exemplo, asegurar as máquinas unha vez paradas.



a planificación


Planificación dos traballos

Unha vez determinados os riscos presentes nos traballos que se pensan realizar, debe planificarse a súa execución, é dicir, preparar maquinaria, ferramentas, sementes, fertilizantes, etc., en función do que se precise no momento.

Para proceder axeitadamente, non esquecer ningunha medida de seguridade e achegar todos os materiais para despois non improvisar sobre a marcha (non esquezamos: moitas das tarefas agrícolas realízanse a suficiente distancia para non permitir ir en busca dun material esquecido).

Pautas que cómpre seguir

- **Recoñecer o terreo** onde se vaia realizar a tarefa (estado, desniveis, obstáculos, etc.), sinalizar lindes, terrapléns, etc.
- **Preparar a maquinaria** e os apeiros que cómpre utilizar: observar a súa limpeza e comprobar o seu funcionamento, seguindo sempre as instrucións de uso e montaxe do fabricante.
- **Revisar as ferramentas** manuais que se van usar: estado físico, sen deformacións, melas, caravillas, oxidación, etc., reparando os defectos o máis axiña posible. Non empregar un equipo ou ferramenta que se atope en estado defectuoso.
- **Dar preferencia aos medios de protección colectiva** fronte aos de protección persoal.
- **Usar persoalmente, e facer usar os EPI** que sexan necesarios (calzado, luvas, máscaras, lentes, pantalallas, etc.) explicando a súa utilidade.



a protección

Protección colectiva

Constitúena os medios que protexen simultaneamente a máis dunha persoa (por exemplo, unha varanda arredor dun foso) ou que protexen a unha soa persoa independentemente de cal sexa esta (por exemplo, a cabina de seguridade dun tractor).

- **Varandas resistentes** ao choque de materiais ríxidos, fronte ao risco de caídas por aberturas (celeiros, fosas sépticas, ocos dun edificio en construción).
- **Resgardos da maquinaria** que protexen contra o atrapamento por elementos xiratorios (eixes, árbores, cardán, etc.), cortantes (coitelas, cizallas, etc.) ou prensantes (prensas, empacadoras...).
- **Elementos que protexen directamente o traballador** (cabinas de tractor, segadoras, engaveladoras, etc.).
- **Resgardos que protexen de proxeccións ou chispas** (carcasas de aparellos de esmerilar, pulir ou afiar, carcacas de cortadoras, segadoras...).
- **Sistemas de ventilación-extracción de aire** para manter un nivel de aire respirable en espazos pechados (silos, depósitos de adegas, muíños, etc.).
- **Interruptores diferenciais que desconectan automaticamente a instalación eléctrica** cando se produce por calquera causa (desgaste de condutores, cortocircuitos, conexión accidental, etc.) unha derivación da corrente a un elemento metálico da máquina ou instalación que habitualmente non ten corrente pero que pode estar en contacto con persoas (cubertas, capós, carcacas, mangos, agarradoiras, etc.).

Protección individual

Constitúena os elementos ou equipos que o traballador suxeita ou leva enriba e que o protexen fronte a determinados riscos.

Os tamén chamados EPI só se deben usar cando non sexa posible habilitar os medios de protección colectiva. Non esquecer que constitúen a última liña de defensa fronte ao accidente.

EPI Elementos que protexen fronte a determinados riscos	
Casco	▶ Para a protección da cabeza (por exemplo, en traballos forestais).
Lentes	▶ Para a protección dos ollos en cultivos de froiteiras, en segado e cortado de forraxe e cereais, soldadura, etc.
Luvas	▶ Coiro, pel ou algodón reforzado para todo tipo de tarefas. ▶ Caucho ou plástico para manexo de produtos fitosanitarios (pesticidas, fertilizantes...).
Botas	▶ Botas ou zapatos para a protección contra golpes, choques e atrapamentos. ▶ Botas de caucho para traballar con praguicidas.
Máscaras	▶ Contra o po e gases durante operacións de fumigado, etc.

Pode darse o caso de necesitar usar outros equipos máis específicos en determinados momentos, por exemplo, un cinto de tipo arnés para penetrar no interior dun silo, tapóns auriculares contra o ruído dunha motoserra, etc.